

i
**CONTÉN NOVO ACORDO
DE INTERINOS DE
XUÑO DE 2017**

PROFESORADO INTERINO/SUSTITUTO

ÍNDICE

| | |
|---|----|
| RESOLUCIÓN DO 28 DE XUÑO DE 2017 | 4 |
| ANEXO | 5 |
| Primeiro. Oferta de emprego público | 7 |
| Segundo. Orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto | 8 |
| Terceiro | 10 |
| Cuarto | 10 |
| Quinto | 10 |
| Sexto | 10 |
| Sétimo | 10 |
| Oitavo | 11 |
| Noveno | 11 |
| Décimo. Convocatorias de listas de interinidades e substitucións | 11 |
| Décimo primeiro. Convocatorias de listas específicas de interinidades e substitucións e de profesorado especialista | 11 |
| Décimo segundo. Obrigatoriedade de presentarse aos procedementos selectivos | 12 |
| Décimo terceiro. Prazas de aceptación voluntaria | 12 |
| Décimo cuarto. Renuncias | 12 |
| Décimo quinto. Prazo de cobertura das substitucións | 14 |
| Décimo sexto. Toma de posesión | 14 |
| Décimo sétimo. Elección de provincia ou provincias | 14 |
| Décimo oitavo. Dereitos retributivos do profesorado sustituto | 14 |

| | |
|---|----|
| Décimo noveno. Causas de perda do dereito á permanencia nas listas de chamamentos | 15 |
| Vixésimo. Comisión de seguimento | 15 |
| Vixésimo primeiro. Chamamentos | 15 |
| Disposición adicional primeira | 16 |
| Disposición adicional segunda. Decaemento das listas | 16 |
| ACORDO SOBRE AS CONDICIÓNIS DE TRABALLO DO PROFESORADO ITINERANTE | 16 |
| LICENZAS E PERMISOS | 20 |



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 28 de xuño de 2017, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente desta consellería que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

O 13 de xuño de 2017 as organizacións sindicais CC OO, **ANPE**, FETE-UGT e CSI.F asinaron unha addenda ao acordo do 20 de xuño de 1995. Na disposición adicional quinta da addenda establécese que «para unha mellor comprensión, as partes asinantes desta addenda acordan que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria efectúe unha refundición do Acordo do 20 de xuño de 1995 e todas as súas modificacións posteriores».

En aplicación desta disposición adicional quinta e do artigo 38 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto básico do empregado público, procede ordenar a publicación deste texto refundido no Diario Oficial de Galicia. Por iso,

ACORDO:

Primeiro. Ordenar a publicación no Diario Oficial de Galicia do texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias, como anexo a esta resolución.

Segundo. Queda derogada a Resolución do 13 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2017

José Manuel Pinal Rodríguez

Director xeral de Centros e Recursos Humanos

ANEXO

Texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995 polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

O 20 de xuño de 1995 a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais **ANPE**, CC OO, CSI.F e FETE-UGT asinaron un acordo sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesor interino ou substituto, en que o profesorado que realizou interinidades e substitucións ten prioridade para ser novamente nomeado sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lle tivese ofertado.

O 30 de setembro de 2002 as organizacións sindicais CC OO, CSI.F e FETE-UGT asinaron unha addenda ao Acordo do 20 de xuño de 1995, en que se recolleron algunhas melloras referidas á opción de non realizar interinidades ou substitucións no suposto de alegar e xustificar que se ten un contrato de traballo ou que se prestan servizos noutro posto do sector público, ou para atender o coidado dun fillo menor de 3 anos ou dun familiar ata o segundo grao de consanguinidade ou afinidade.

Ademais, os números 5 e 6 da base décimo primeira da Resolución do 26 de maio de 2005, da Dirección Xeral de Persoal, pola que se ditan normas para a adxudicación de destino provisional para o curso académico 2005/06, entre profesores de ensino secundario, profesores técnicos de formación profesional, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas, profesores e mestres de taller de artes plásticas e deseño, que non teñan destino definitivo na Comunidade Autónoma de Galicia, complementaron a addenda ao Acordo do 20 de xuño de 1995, no sentido de que o profesorado interino e substituto que non obtivese praza na adxudicación de destinos podería acollerse a prestar servizos nunha provincia, ampliar a idade do coidado dun fillo de 3 a 6 anos e estender esta posibilidade a outros supostos.

O 11 de xullo de 2006 as organizacións sindicais **ANPE**, CC OO e CSI.F asinaron unha nova addenda ao Acordo do 20 de xuño de 1995, que introduciu diversas melloras, prevendo unha única lista cando exista a mesma especialidade en máis dun corpo, a lista da especialidade de primaria no corpo de mestres, determinadas prazas de aceptación voluntaria, a toma de posesión nos centros educativos, o cómputo como servizos efectivos prestados a aquelas persoas que non puidesen tomar posesión como consecuencia dun permiso maternal e dereitos retributivos do profesorado substituto que preste servizos efectivos durante polo menos cinco meses e medio durante o curso académico.

A partir do 1 de outubro de 2009 entrou en vigor a obrigatoriedade de estar en posesión da formación pedagóxica e didáctica regulada no artigo 100.2 da LOE para acceder a todas as especialidades do corpo de profesores de ensino secundario e de profesores de escolas oficiais de idiomas. Por outra parte, unha sentenza obriga a ela-

borar unha lista da especialidade de economía e outra recolle a posibilidade de que unha persoa permaneza en máis dunha lista.

Por estas razóns, o 27 de abril de 2010, as organizacións sindicais CC OO, FE-TE-UGT, **ANPE** e CSI.F asinaron unha nova addenda ao Acordo do 20 de xuño de 1995 que regula unha moratoria de tres anos para a obtención do máster, a posibilidade de que o persoal aspirante forme parte de máis dunha lista e a incorporación a estas do persoal que resultou excluído a partir do curso académico 2007/08, entre outras cuestións. Na disposición adicional cuarta desta addenda establécese que «para unha mellor comprensión, as partes asinantes desta addenda acordan que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria efectúe unha refundición do Acordo do 20 de xuño de 1995 e todas as súas modificacións posteriores».

Na aplicación desta disposición adicional cuarta no Diario Oficial de Galicia do 19 de maio de 2010 publicouse a Resolución do 10 de maio de 2010, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, pola que se dá publicidade ao texto refundido do 20 de xuño de 1995, polo que se regulan o acceso e as condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia, que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

Con posterioridade á dita data adoptáronse as seguintes modificacións do texto refundido:

- Addenda asinada o 26 de abril de 2011, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais CC OO e **ANPE** pola que se dá nova redacción ao punto segundo da Resolución do 10 de maio de 2010.
- Addenda asinada o 14 de marzo de 2013, entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais **ANPE** e CSI.F que modifica a redacción das epígrafes 1 e 2 do punto segundo do Acordo do 20 de xuño de 1995.

Como consecuencia da habilitación recollida na disposición adicional quinta da Addenda do 14 de marzo de 2013 deuse publicidade ao novo texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995, mediante Resolución do 31 de xullo de 2013, da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos.

O 13 de xuño de 2017 asinase unha nova addenda entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e as organizacións sindicais CC OO, **ANPE**, FE-TE-UGT e CSI.F, pola que se garante que por cada 14 aspirantes que se inclúan na lista, polo menos un teña unha discapacidade de, polo menos, o 33 %.

Puntualízase tamén que non se incluírán nas listas aquelas persoas que non se presenten ao procedemento selectivo cando se convoque a súa especialidade ou que se retiren nalgunha das probas.

No punto décimo cuarto do acordo, relativo ás causas de renuncias, no suposto de atención ao coidado dun familiar que se teña ao seu cargo redúcese ao primeiro grao de consanguinidade ou afinidade, agás casos excepcionais de que non non existan

superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.

Neste mesmo punto, na causa de renuncia por ampliación de estudos, incorpóranse os estudos para a obtención do título de técnico superior.

Regúlense tamén os chamamentos telefónicos, dando maiores garantías ás persoas interesadas.

Como consecuencia da habilitación recollida na disposición adicional quinta da Adenda do 13 de xuño de 2017, dáse publicidade ao novo texto refundido do Acordo do 20 de xuño de 1995.

Regulación do acceso e das condicións de traballo do persoal docente interino e substituto dependente da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria da Xunta de Galicia que imparte ensinanzas distintas das universitarias.

Considerando que o artigo 19 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, establece que a selección de persoal interino se efectuará observando os principios de igualdade, publicidade, mérito e capacidade a través dun procedemento que deberá posibilitar a máxima axilidade na selección, en razón á urxencia requirida para cubrir transitoriamente os postos de traballo.

Considerando que o procedemento máis axeitado para esta selección é o que a propia Administración utiliza para seleccionar funcionarios de carreira, respectando a prioridade daquelas persoas que prestaron servizos como interinos ou substitutos.

Considerando que resulta necesario adaptar o Acordo asinado o 20 de xullo de 1992 pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e determinadas organizacións sindicais á nova situación producida pola realización dos procedementos selectivos de acceso e ingreso aos distintos corpos docentes de ensino non universitario convocados no ano 1994 e a posterior convocatoria do ano 1995, establecendo un procedemento de selección de persoal interino que, tendo en conta a prioridade daquelas persoas que prestaron servizos como interinos ou substitutos considere, para cubrir as novas necesidades do sistema educativo, a cualificación obtida nos procedementos selectivos de acceso e ingreso aos distintos corpos docentes de ensino non universitario.

Acadan o seguinte acordo sobre o acceso á función pública docente en calidade de profesorado interino ou substituto, que se aplicará desde o inicio do curso 1995/96.

Primeiro. Oferta de emprego público

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria establece como obxectivo que o número de interinos dos corpos docentes que imparten docencia distinta da universitaria sexa ao redor do 5 % dos cadros de persoal.

Para acadar este obxectivo, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria realizará amplas ofertas de emprego, logo de negociación na mesa sectorial docente non universitaria.

No proceso de negociación das ofertas de emprego teranse en conta, ademais das xubilacións que se produzan e as novas necesidades derivadas das políticas educativas, os resultados producidos no relativo ao acceso do persoal interino docente á condición de funcionario de carreira, no desenvolvemento dos concursos-oposicións inmediatamente anteriores.

Segundo. Orde de prioridade no nomeamento do profesorado interino e substituto

O nomeamento de profesores interinos e/ou substitutos dos corpos docentes que imparten ensinanzas distintas das universitarias realizarase pola seguinte prioridade:

1. Profesorado que prestou servizos como interino ou substituto, pola mesma orde en que participou ou tiña dereito a participar na elección de destino no último curso, sempre que non renunciase a unha interinidade ou substitución que se lles ofertase ou se acollasen ao previsto no punto décimo cuarto deste acordo.
2. Persoal participante nos procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos docentes que imparten as ensinanzas reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, que non estea incluído nas listas de persoal aspirante que superou o procedemento selectivo, sempre que posúan a titulación que, para cada especialidade, determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e os demais requisitos exixidos para ingreso, en cada momento, no correspondente corpo.

Estarán exceptuados do requisito de titulación previsto no parágrafo anterior os que superen a primeira proba da fase de oposición.

Este colectivo ordenarase, para os efectos de prioridade na elección:

- Por especialidades.
- Dentro de cada especialidade por bloques, de acordo co número de probas superadas.
- Dentro de cada bloque e no conxunto da lista garantirase, cando sexa posible, que, polo menos, de cada catorce aspirantes un deles posúa unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33 %. Para cumprir esta condición, se fose necesario, poderán incorporarse nun bloque persoas ás que non lle correspondese estar neste en virtude do número de probas superadas.
- En execución do parágrafo anterior garantirase que:
 1. Cada 14 aspirantes, un deles posúa unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33 %.
 2. Cada 28 aspirantes, dous deles posúan unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33 %.

3. Cada 42 aspirantes, tres deles posúan unha discapacidade recoñecida de, polo menos, o 33%.
4. E así sucesivamente.
 - O establecido no parágrafo anterior resultaralle de aplicación ao persoal que se presente aos procedementos selectivos tanto pola quenda de reserva de discapacitados como pola quenda libre, sempre que reúna os requisitos de discapacidade no momento no que remate o prazo de presentación de solicitudes ao concurso-oposición.
 - Sen prexuízo do anterior, dentro destes bloques, pola puntuación resultante da fase de oposición.
 - Para aquelas persoas que non superen unha proba, a nota desta será a media aritmética das dúas partes das que consta a proba, sen ter en conta se alcanzou o mínimo exixible en cada unha das partes da proba para poder superala.
 - Non se integrarán na lista para realizar interinidades ou substitucións aquelas persoas que non acudiron ao acto de presentación e aquelas outras que non se presentasen ou se retirasen na primeira ou na segunda proba, agás nos supostos previstos na base décimo segunda.
3. Convocado o concurso-oposición na especialidade de «primaria» no ano 2008, mantense a dobre lista de especialidade e xeral para aquelas persoas que accederon a unha interinidade ou substitución con carácter previo á resolución do dito concurso-oposición.
4. O colectivo citado no parágrafo 2 deste punto segundo renovarase cada ano que teñan lugar procedementos selectivos tendo en conta que o persoal que chegase a prestar servizos quedará integrado no parágrafo 1 do mesmo punto segundo.
5. O profesorado interino procedente dos centros dependentes do Instituto Social da Mariña integraranse nas listas no corpo e especialidade correspondente, coa antigüidade que acrediten nestes centros.
6. Cos colectivos previstos na lista xeral dos puntos 1 e 2 deste punto segundo elaborárase unha lista específica en cada especialidade que imparta áreas ou materias non lingüísticas, con aquelas persoas que acrediten que dispoñen do nivel B2 do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), para cubrir interinidades ou substitucións das áreas ou materias que se impartan nunha lingua estranxeira nos centros plurilingües ou nas seccións bilingües.
7. As persoas da lista xeral que obteñan con posterioridade á sinatura desta addenda o nivel B2 anteriormente citado, poderán solicitar ser incluídas na lista ou listas específicas integrándose nestas en función da orde que lle corresponda pola orde da lista xeral.
8. De non ser chamado pola lista xeral, a prestación de servizos por chamamento realizado pola lista específica non xera o dereito a incorporarse na lista xeral no punto 1 deste punto segundo.

Terceiro

As especialidades que veñen funcionando para os efectos de cobertura de interinidades e substitucións como unha lista única divídense nas que a seguir se relacionan:

- Lista de clásicas, en latín e grego.
- Lista de administración de empresas, en administración de empresas e economía.
- Lista de procesos de diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos en procesos de diagnósticos clínicos e produtos ortoprotésicos e procesos sanitarios.
- Lista de procedementos de diagnóstico clínico e produtos ortoprotésicos en procedementos de diagnóstico clínico e produtos ortoprotésicos e procedementos sanitarios e asistenciais.

Cuarto

As persoas que figuran nas listas únicas relacionadas no número anterior incluíranse de oficio nas listas en que se divíden sempre que posúan a titulación exixida para ingresar no corpo e especialidade correspondente, respectando o número de orde que tiñan na lista única da cal proceden.

Quinto

O persoal aspirante a prestar servizos como persoal interino e substituto poderá figurar en máis dunha lista, na orde de prelación que lle corresponda en cada unha.

As persoas que figuren en máis dunha lista poderán solicitar praza na adxudicación de destinos provisionais nunha ou en máis dunha lista, sen prexuízo de que poidan renunciar no prazo de reclamacións á resolución provisional.

Sexto

O persoal funcionario interino ou substituto docente que non estivese prestando servizos e reunise os requisitos para estar gozando do permiso de parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento terá dereito a ser chamado para as interinidades e substitucións que lle correspondan, tomando posesión coa finalidade de que os servizos que lle corresponderían prestar lle sexan recoñecidos para os efectos administrativos e os económicos cando non tivese dereito ás prestacións correspondentes. No suposto de que no momento da finalización do permiso estivese vixente o nomeamento de interinidade ou substitución, terá dereito a optar pola incorporación á praza. No caso contrario, cesará nela tamén para os efectos administrativos.

Sétimo

A orde de adxudicación de corpos será a seguinte:

Mestres.

- Profesorado de relixión de primaria.

- Profesores de escolas oficiais de idiomas.
- Profesores de artes plásticas e deseño.
- Mestres de taller de artes plásticas e deseño.
- Profesores de ensino secundario.
- Profesores técnicos de formación profesional.
- Profesores de música e artes escénicas.
- Profesorado de relixión de secundaria.

Dentro de cada corpo a adxudicación será realizada por orde de código das especialidades.

Oitavo

A adxudicación dun destino provisional a unha persoa suporá o seu decaemento nas restantes solicitudes.

Noveno

As persoas que figuren en máis dunha lista, mentres estean prestando servizos nalgunha delas, non poderán ser chamadas por ningunha outra.

Décimo. Convocatorias de listas de interinidades e substitucións

Se unha vez realizado chamamento a todas as persoas que constan nas relacións mencionadas no punto segundo continuase resultando necesario cubrir necesidades de profesorado, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, logo de comunicación ás organizacións sindicais con presenza na mesa sectorial docente non universitaria, procederá a abrir un prazo de solicitudes, aplicarase o baremo publicado na fase de concurso do último concurso-oposición convocado e será requisito imprescindible a acreditación de coñecementos de lingua galega a través da presentación do curso de perfeccionamento da lingua galega ou da correspondente validación ou equivalencia.

Décimo primeiro. Convocatorias de listas específicas de interinidades e substitucións e de profesorado especialista

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria poderá realizar convocatorias específicas, para cubrir temporalmente prazos de profesorado especialista, de profesorado de artes plásticas e deseño, para a impartición das ensinanzas superiores e nas especialidades relativas á escola de arte dramática, e aplicarase o baremo que previamente se negocie na mesa sectorial docente non universitaria.

Décimo segundo. Obrigatoriedade de presentarse aos procedementos selectivos

1. O profesorado interino e substituto terá a obriga de presentarse aos procedementos selectivos de ingreso aos corpos correspondentes convocados pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sempre que se convoque a súa especialidade.
2. Decaerá dos seus dereitos e será excluído das listas o profesorado interino ou substituto que non se presente aos procedementos selectivos, ou se retire destes, agás causa xustificada, libremente apreciada pola comisión de seguimento deste acordo.
3. Non decaerán do seu dereito aquelas persoas que, figurando nas listas de chamamentos, iniciasen a súa primeira interinidade ou substitución con posterioridade ao remate do prazo de solicitudes para participar no concurso-oposición.
4. En todo caso, enténdese por causa xustificada a acreditación de enfermidade no día da presentación ou da realización do exame.
5. Cumprirán o requisito de participar nos procedementos selectivos a que fai referencia o parágrafo 1 deste punto aquelas persoas que se presenten:
 - A unha especialidade distinta da que están impartindo.
 - A unha especialidade dun corpo distinto do que están impartindo docencia.
 - En calquera convocatoria de concurso-oposición de acceso á función pública docente realizada polo Ministerio de Educación, Cultura e Deportes ou unha administración educativa doutra Comunidade Autónoma. En este caso deberán achegar certificación de que se presentaron e non se retiraron do correspondente procedemento.

Décimo terceiro. Prazas de aceptación voluntaria

Cando as prazas ofertadas sexan de itinerancia, ou de tempo parcial, ou para desempeñar nos cárceres, ou outras de réxime especial que determine a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, oída a comisión de seguimento deste acordo, o aspirante poderá non efectuar solicitude destas prazas, sen que iso implique a renuncia ás listas e aos próximos chamamentos que lle correspondan. Ademais, poderán rexeitar estas prazas nos chamamentos que se produzan.

Décimo cuarto. Renuncias

1. O persoal docente interino e substituto terá dereito a non aceptar as interinidades ou substitucións que se lle ofrezan, sen perder o número de orde da lista correspondente, por un período mínimo dun curso académico ou polo que reste de curso académico, desde a súa solicitude, polas seguintes causas:
 - Para atender ao coidado dun fillo menor de seis anos, tanto cando o sexa por natureza ou por adopción ou acollemento permanente ou preadoptivo.

- Para atender ao coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, ata o primeiro grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.
 - Excepcionalmente, para atender o coidado dun familiar que se teña ao seu cargo, en segundo grao de consanguinidade ou afinidade que, por razóns de idade, accidente ou enfermidade, non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída, cando non existan superviventes de primeiro grao ou estean incapacitados para atender o seu coidado ou se trate de persoas conviventes.
 - Por enfermidade grave do propio docente.
 - Por ter concedida unha bolsa de estudos.
 - Por ser vítima de violencia de xénero.
 - Por ampliación de estudos. Enténdese que hai ampliación de estudos cando se realizan estudos para obter un título de doutor, máster oficial ou grao, ou equivalente, ou de técnico superior. Cando sexa o caso, deberá efectuarse a matrícula de, polo menos, 30 créditos e acreditar a realización das correspondentes probas ao final do curso académico.
 - Por calquera das circunstancias que permiten aos funcionarios públicos a concesión dos servizos especiais.
 - Esta decisión deberá adoptarse ou comunicarse no prazo de solicitude de praza ou, en todo caso, no prazo de reclamacións á adxudicación provisional de destinos para o curso académico que proceda, agás que teña a súa orixe nunha causa sobrevida con posterioridade ou chamamento por primeira vez.
2. O persoal docente interino e substituto poderá solicitar non ser chamado para as prazas que puidesen corresponderlle por un período máximo e improrrogable de tres cursos académicos, que non terán que ser necesariamente consecutivos, sempre que alegue e xustifique que ten un contrato de traballo de carácter temporal ou prestar servizos, tamén con carácter temporal, noutro posto do sector público.

Este prazo empezará a computar a partir do curso académico 2006/07.

Non será posible efectuar esta opción unha vez producido o nomeamento de interino ou substituto, agás causa sobrevida ao nomeamento.

3. O profesorado a que se fai referencia neste punto décimo cuarto poderá optar, durante os períodos máximo e mínimo previstos nel, por realizar substitucións en concellos determinados. A opción deberá efectuarse no prazo comprendido entre os días 15 de xullo ao 16 de agosto do ano correspondente. Será obrigatorio incluír na petición concellos nos que se impartan materias ou áreas ou módulos profesionais atribuídos á especialidade correspondente. Esta opción será por todo o curso académico.

4. Excepcionalmente, as persoas que se acolleron a realizar substitucións en concellos determinados poderán optar por non prestar servizos durante todo o curso académico sempre que sexa con anterioridade á toma de posesión do seu primeiro nomeamento nese curso.

Décimo quinto. Prazo de cobertura das substitucións

As substitucións cubriranse cunha antelación máxima de tres días lectivos.

Décimo sexto. Toma de posesión

1. As tomas de posesión das interinidades e substitucións que non coincidan co comezo do curso, serán realizadas no centro educativo no día lectivo inmediatamente seguinte ao do nomeamento. O centro remitirá á Xefatura Territorial da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, no prazo de vinte e catro horas desde a toma de posesión, esta toma de posesión e os documentos asinados polo interino ou substituto que estableza a propia xefatura territorial.
2. A falta de toma de posesión implicará o decaemento do dereito ao nomeamento realizado e á permanencia nas listas.
3. A aquelas persoas que non poidan tomar posesión por encontrarse de baixa por enfermidade reservaráselles o posto ata que se encontren en situación de alta, e nomearase mentres outro profesor substituto. No caso de permiso de parto ou maternidade, paternidade e adopción ou acollemento será de aplicación, ademais, o establecido no punto sexto deste acordo.

Décimo sétimo. Elección de provincia ou provincias

O persoal docente interino e substituto que non obteña praza na adxudicación de destinos provisionais para un curso académico poderá acollerse, sen necesidade de causa xustificada, a prestar servizos como persoal docente interino ou substituto nunha ou en máis dunha provincia. O que non efectúe petición enténdese que opta por prestar servizos en todas as provincias da comunidade autónoma.

Décimo oitavo. Dereitos retributivos do profesorado substituto

1. A partir do inicio do curso académico 2007/08, o profesorado substituto que preste servizos efectivos nun curso académico durante polo menos cinco meses e medio terá dereito a que se lle efectúe un nomeamento polo mes de xullo e polos días do mes de agosto que procedan, unha vez deducidos os aboados por vacacións non gozadas.
2. Para os efectos do cómputo dos cinco meses e medio de servizos efectivos non se terán en conta os días aboados por vacacións non gozadas e os días que non se prestaron servizos sen causa xustificada.

3. Si será computable para os efectos da determinación dos cinco meses e medio de servizos efectivos o tempo transcorrido en baixa maternal, tanto para a nai como para o pai, se este gozou dunha parte do permiso.
4. Para ter dereito a este nomeamento polos días do mes de xullo e de agosto que procedan, será preciso acreditar non estar dado de alta no réxime da Seguridade Social ou de autónomos nos ditos meses.
5. Non terán dereito a este nomeamento polos días do mes de xullo e de agosto aqueles substitutos que soliciten non ser chamados nalgún momento do curso académico, en virtude do previsto no número décimo cuarto deste acordo e os que perdesen o dereito ao chamamento, segundo o disposto no número seguinte.

Décimo noveno. Causas de perda do dereito á permanencia nas listas de chamamentos

Decaerán no seu dereito a estar nas listas e aos chamamentos os candidatos e candidatas:

- a) Que non acepten unha praza de interinidade ou substitución que se lles oferte, agás que exista unha das causas xustificadas que se citan no punto décimo cuarto deste acordo.
- b) Que non tomen posesión da praza adxudicada no día lectivo inmediatamente seguinte ao do nomeamento, agás causa xustificada libremente apreciada pola Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos, informándose a comisión de seguimento.
- c) Por falta de capacidade para o desempeño do posto, manifestada por rendemento insuficiente, que non comporte inhibición e que impida realizar con eficacia as funcións atribuídas, logo de expediente contradictorio e oída a comisión de seguimento prevista no punto vixésimo.
- d) Por non concorrer aos procedementos selectivos, agás causa xustificada.

Vixésimo. Comisión de seguimento

Para facilitar o cumprimento e interpretación deste acordo constituirase unha comisión de seguimento formada por representantes da Administración e das organizacións sindicais asinantes, que se reunirá polo menos unha vez ao ano ou por petición de calquera das partes.

Vixésimo primeiro. Chamamentos

Realizada a adxudicación definitiva de destinos provisionais, os chamamentos para realizar substitucións e, se fose o caso, interinidades efectuarase telefonicamente.

Se a persoa interesada non colle a primeira chamada telefónica continuarase coa cobertura das prazas e volverase chamar ese mesmo día, transcorrida, polo menos, unha hora desde a chamada inicial.

Se a persoa interesada non colle a segunda chamada telefónica enviaráselle un correo electrónico e un SMS informándolle desta circunstancia, e volverá a ser chamado ao día seguinte, ofertándolle unicamente as prazas que quedaron sen adxudicar o día inmediatamente anterior.

As persoas que non atendan aos tres chamamentos telefónicos nos dous días serán penalizadas sen ser chamadas durante 7 días naturais contados desde o inmediatamente seguinte ao do último chamamento.

Aquelas persoas que sexan penalizadas tres veces por non atender os chamamentos telefónicos serán excluídas definitivamente das listas, logo do correspondente trámite de audiencia.

Disposición adicional primeira

Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de organización e xestión comercial, as interinidades e substitucións das especialidades de administración de empresas e organización e xestión comercial cubriranse cunha única lista.

Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de procesos comerciais, as interinidades e substitucións das especialidades de procesos de xestión administrativa e procesos comerciais cubriranse cunha única lista.

Mentres non se realice concurso-oposición na especialidade de operacións de proceso, as interinidades e substitucións das especialidades de laboratorio e operacións de proceso cubriranse cunha única lista.

O establecido na epígrafe 2 do punto segundo do presente acordo será de aplicación ás especialidades nas que se convoque procedemento selectivo de ingreso a partir do ano 2013, incluído este.

Disposición adicional segunda. Decaemento das listas

As persoas que por unha das causas previstas neste acordo perdan o dereito a manterse nunha lista decaerán dos seus dereitos nesta, mantendo os dereitos de prioridade que lles correspondan nas restantes listas das que formen parte.

ACORDO SOBRE AS CONDICIÓN DE TRABAJO DO PROFESORADO ITINERANTE

Primeiro.- Obxecto e ámbito de aplicación

Teñen a consideración de profesorado itinerante os funcionarios e funcionarias e o persoal laboral docentes dependentes da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria que desempeñen postos de traballo que comprenden máis dun centro educativo ubicados en distinta localidade e que implican desprazamentos habituais dende un centro base ata outro ou outros centros públicos nos que imparten docencia ou realizan actuacións de atención directa co alumnado.

En todo caso considérase profesorado itinerante o que imparte docencia nos Colexios Rurais Agrupados e as orientadoras e orientadores que teñan centros adscritos ou presten servizos en centros compartidos.

Aos efectos de determinar a localidade na que están ubicados os centros educativos considerárase a que figura na rede de centros da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

Segundo.- Horarios

Os principios que guiarán a elaboración dos horarios do profesorado que desempeña postos de carácter singular itinerante serán a adecuada atención do alumnado e o máximo aproveitamento de recursos.

Na elaboración dos horarios deste profesorado terase en conta unha compensación horaria lectiva semanal, conforme á seguinte táboa:

Ata 50 Km: 2 horas.

Desde 51 Km ata 100 Km: 3 horas.

Desde 101 Km ata 150 Km: 4 horas.

Máis de 150 Km: 5 horas.

Excepcionalmente, en función da orografía galega e da infraestrutura viaria na que se atopen os centros nos que se itinera, ou cando a distancia a percorrer supere os 200 Km, as Xuntas de Persoal poderán establecer, ademais, unha compensación horaria de ata dúas horas de horario lectivo.

A xornada lectiva do profesorado que desempeñe postos de carácter singular comezará na localidade que corresponda en función do horario establecido.

Os centros confeccionarán os horarios de tal xeito que o profesorado itinerante realice os menores desprazamentos posibles nun mesmo día, sen que teña que atender, como norma xeral, máis de tres centros diariamente. Asemade, deberá preverse que os desprazamentos se reduzan o máis posible e a atención aos centros situados na mesma ruta, se realice, preferentemente de forma sucesiva, da máis afastada á máis próxima, evitando deste xeito desprazamentos innecesarios.

Para a aplicación dos criterios establecidos neste epígrafe, a Inspección Educativa dará as instrucións oportunas aos centros educativos implicados.

Terceiro.- Características dos postos de traballo itinerantes

Os postos de traballo itinerantes serán de aceptación voluntaria para os funcionarios e funcionarias docentes. A distancia entre o centro de destino e os centros aos que o profesorado se ten que desprazar non superará, con carácter xeral, os 35 Km. En casos excepcionais poderán sobrepasarse co acordo da correspondente Xunta de Persoal.

Ningún profesor ou profesora realizará máis de 250 Km semanais con carácter xeral. En casos excepcionais poderán sobrepasarse co acordo da correspondente Xunta de Persoal.

Cuarto.- Titorías

Non se asignarán titorías ao profesorado que desempeñe postos de traballo itinerantes mentres o resto do profesorado, exceptuando o equipo directivo, non as teña adxudicadas.

Quinto.- Períodos de recreo

Sempre que sexa posible dentro da organización dos centros os períodos de recreo non se utilizarán para itinerar. O profesorado que desempeñe postos de carácter singular itinerante deberá atender como o resto do profesorado aos alumnos no período de recreo.

Sexto.- Desprazamentos e compensación económica

O profesorado itinerante terá dereito a percibir os custos de locomoción cando se desprace desde o centro base a outro centro educativo ou desde un centro educativo a outro, conforme o Decreto 144/2001, do 7 de xuño e a resolución da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza de 29 de decembro de 2005 pola que se ordena a publicación do acordo do Consello da Xunta de Galicia do 29 de decembro de 2005 sobre a revisión da contía da indemnización por uso de vehículo particular e das axudas de custo en territorio nacional.

O pago dos desprazamentos será efectuado polos centros educativos con cargos aos custos de funcionamento. Para estes efectos, para determinar as dotacións orzamentarias asignadas a cada centro, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá en conta os centros base con profesorado itinerante e as distancias a percorrer.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria indicará aos centros educativos a contía que, dentro da contía global de gastos de funcionamento, vai asignada ao pagamento dos desprazamentos do profesorado itinerante.

No suposto en que, por causas de forza maior debidamente xustificadas, a ruta habitual resulte intransitable, contabilizaranse os Kms percorridos nos itinerarios alternativos.

No caso de que entre dous ou máis centros haxa itinerarios alternativos e un deles implique maior risco para o profesorado itinerante, poderá elixirse o percorrido máis longo en prol dunha maior seguridade, previa comunicación á Xunta de Persoal. A Xunta de Persoal poderá desautorizar este itinerario alternativo.

Os centros educativos realizarán os pagamentos, como máis tarde, no mes seguinte a producirse os desprazamentos.

Sétimo.- Transformación dunha praza en itinerante

A transformación dunha praza ordinaria en praza de itinerante ou o incremento nun cincuenta por cento ou máis da itinerancia dará dereito ao persoal titular da mesma a pasar á situación de suprimido ou suprimida ou a permanecer con destino definitivo na praza.

Oitavo.- Protección da saúde e prevención de riscos laborais

Por mor da especial función do profesorado itinerante, a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, impartirá formación específica sobre prevención de riscos laborais.

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria considerará como accidentes "in itinere" aqueles que se produzan nos traxectos dos desprazamentos por razón do servizo, informados como tales polos órganos competentes.

Aquelas profesoras que se atopen en período de xestación poderán deixar de itinerar a partir do quinto mes de embarazo, pasando a realizar tarefas de apoio ou outras actividades no centro base ou no que determine a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria nomeará un profesor ou profesora substituto ou substituta para garantir a prestación dos servizos educativos.

Noveno.- Axudas no caso de accidente

O profesorado itinerante terá dereito ás axudas para custos por accidente de automóbil que anualmente convoca a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, conforme ás normas que se determinan na Orde pola que se convocan.

Décimo.- Seguros e créditos

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria promoverá que as compañías de seguros de accidentes, de vida e de automóbil lles oferten ao profesorado itinerante pólizas máis favorables que as existentes no mercado; así mesmo negociará con entidades crediticias aos efectos de que estas poidan ofertar ao profesorado itinerante créditos brandos para a adquisición de vehículos en condicións tamén máis favorables que as existentes no mercado.

Décimo primeiro.- Aplicación do acordo

As disposicións do presente Acordo producirán efectos a partir do inicio do curso académico 2008/2009, agás o epígrafe sexto, que terá efectividade do 1 de setembro de 2007 e os apartados sétimo e o último parágrafo do apartado oitavo que terán efectividade do 1 de xaneiro de 2008.

LICENZAS E PERMISOS

PERMISOS

| | | |
|--|--|------|
| Falecemento, accidente ou enfermidade grave, hospitalización ou intervención cirúrxica dun familiar. | 1º grao: mesma localidade 3 días hábiles; distinta 5 días. 2º grao: mesma localidade 2 días hábiles; distinta 4 días. Considéranse inhábiles sábados, domingos e festivos. | DIR |
| Traslado de domicilio. | 1 membro: mesma localidade 1 día natural, distinta 2 días. 2 ou máis: mesma localidade 2 días naturais; distinta 4 días. | DIR |
| Permiso para realizar funcións sindicais. | Nos termos legalmente establecidos. | X.T. |
| Para asistir a exames finais e demais probas definitivas de aptitude. | Permiso durante os días da súa realización e tempo necesario para viaxes de ida e volta. | DIR |
| Permiso por lactación. | 1 hora de ausencia ao traballo por ter un fillo menor de 12 meses. Pódese acumular ao permiso por parto. | X.T. |
| Por nacemento de fillos que deban permanecer hospitalizados. | Máximo dúas horas diarias con percepción íntegra de retribucións. | X.T. |
| Para realizar exames prenatais e técnicas de preparación ao parto. | Tempo necesario para a súa práctica. Beneficiarios: a funcionaria embarazada e o cónxuxe ou parella. | DIR |
| Para realizar tratamentos de fecundación asistida. | Tempo necesario para a súa práctica (2 días hábiles se hai desprazamento). Beneficiarios: a funcionaria embarazada e o cónxuxe ou parella. | DIR |
| Por matrimonio ou unión de feito. | 15 días naturais ininterrompidos. Debe comprender a data do día de celebración. | X.T. |

| | |
|--|--|
| Permiso por matrimonio de familiares. | O día da celebración de matrimonio ou unión de feito de familiares de ata segundo grao de consanguinidade e primeiro de afinidade. DIR |
| Por accidente ou enfermidades moi graves. | Máximo 30 días naturais. X.T. |
| Para o cumprimento de deberes inescusables de carácter público ou persoal, de deberes relacionados coa conciliación da vida familiar e laboral e máis de asistencia a consultas e revisións médicas. | Tempo indispensable para o cumprimento dos deberes que o xustifican. Este permiso inclúe o permiso de ausencia por enfermidades leves non superiores a tres días con xustificación documental. X.T. (Art. 14.6a) DIR |
| Por asuntos particulares. | Ata 4 días no curso. Dous poden ser lectivos. DIR |
| Para a formación militar dos reservistas voluntarios ou dos aspirantes a tal condición. | O tempo necesario para a realización dos períodos de formación militar. X.T. |
| Permiso por parto. | 18 semanas ininterrompidas. Mínimo 6 semanas posteriores ao parto. X.T. |
| Permiso por adopción ou acollemento. | 18 semanas ininterrompidas. X.T. |
| Permiso retribuído para funcionarias e laborais en estado de xestación | A partir do 1º día da semana 37 de embarazo ou da 35 no caso de xestación múltiple. X.T. |
| Permiso do outro proxenitor ou familias monoparentais por nacemento, acollemento ou adopción dun fillo. | 29 días naturais a partir da data do feito causante. X.T. |
| Permiso por razón de violencia de xénero sobre a muller funcionaria. | Faltas xustificadas polo tempo e nas condicións que así o determinen os Servizos Sociais. X.T. |
| Para asistencia a actividades de formación do profesorado. | Poderá asistir en horario lectivo con autorización. Ata un máximo de 4 días lectivos. DIR |

LICENZAS

| | |
|---|--|
| Licenza por asuntos propios. | Máximo 3 meses cada 2 anos (días naturais). Non inferior a 5 días naturais. X.T. |
| Licenza por enfermidade. | Segundo o réxime da Seguridade Social ao que pertenza o funcionario. X.T. |
| Licenza por risco no embarazo ou durante o período de lactación natural. | Durante o período de tempo necesario para a protección da súa saúde e a do feto. X.T. |
| Licenza por estudos. | Segundo a normativa vixente. X.T. |
| Licenza para a participación en proxectos ou programas de cooperación para o desenvolvemento e de acción humanitaria. | Período non superior a 6 meses. Subordinado ás necesidades de servizo. X.T. |
| Licenza para supostos de hospitalización prolongada. | Ata un mes de duración. Sen retribución. X.T. |

REDUCIÓN DE XORNADA CON RETRIBUCIÓN

| | |
|--|--|
| Por coidado dun familiar. | Redución de ata o 50 % da xornada polo prazo máximo dun mes (prorrogable en circunstancias excepcionais ata dous meses). X.T. |
| Para atender ao coidado de fillo menor que padeza cancro. | Redución de polo menos o 50 % da xornada laboral ata que cumpra 18 anos. X.T. |
| Para adaptación progresiva da xornada laboral para tratamentos oncolóxicos | 50% da xornada. Ata un mes ampliable a un mes máis. X.T. |


REDUCIÓN DE XORNADA CON DIMINUCIÓN DAS RETRIBUCIÓN

| | |
|--------------------------|--|
| Por violencia de xénero. | Dereito a redución de xornada con diminución proporcional das retribucións ou reordenación do tempo de traballo en función da organización do centro e do horario do alumnado. X.T. |
|--------------------------|--|

| | |
|--------------------------|---|
| Por garda legal. | Cando o persoal funcionario docente se encargue do coidado directo dalgún menor de 12 anos, persoa maior que requira especial dedicación ou persoa con discapacidade que non desempeñe actividade retribuída poderá reducir $\frac{1}{3}$ ou $\frac{1}{2}$ de xornada de traballo, con diminución proporcional de retribucións. X.T. |
| Por interese particular. | Dereito a unha redución de $\frac{1}{2}$ de xornada de traballo por interese particular coa diminución proporcional das retribucións. X.T. |

IMPREVISTOS

| | |
|------------|---|
| Imprevisto | No caso de imprevistos, indisposicións ou enfermidades leves non superiores a tres días, a dirección do centro poderá aceptar as xustificacións non documentais ata un máximo de 24 períodos lectivos por curso. DIR |
|------------|---|



Xa podes seguirnos en Facebook.
Busca ANPE Galicia, preme
"gústame"
e mantente informado
minuto a minuto de
tódalas novas do ensino



ANPE - Galicia - Santiago

Centro de Negocios Compostela Norte
Rúa Xosé Chao Rego, 8 - baixo
15705 Santiago de Compostela
981552393 · galicia@anpe.es · santiago@anpe.es

ANPE - Coruña

Avda. Buenos Aires, 7 Entpla. Esq.
15004 A Coruña
981271915 - 651866058 · acoruna@anpe.es

ANPE - Lugo

San Roque, 94-98 - Entpla. Esq.
27002 Lugo
982227912 · lugo@anpe.es

ANPE - Ourense

Progreso, 83 - 1º D
32004 Ourense
988255852 · ourense@anpe.es

ANPE - Pontevedra - Vigo

República Argentina, 10 - Entrechán ofic. 3
36201 Vigo - Pontevedra
986437043 · anpe@mundo-r.com

www.anpegalicia.com